

Plantilla memoria xustificación económica de *Máster Universitario en Avogacía e Procura*

Universidade de Vigo

# 1. Persoal Académico.

## 1.1 PDI da titulación.

### 1.1.1 Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (responsable do Máster nos campus de Vigo e Pontevedra).

Para a impartición do Máster Universitario en Avogacía e Procura nos campus de Vigo e Pontevedra, a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo seguirá contando co cadro de PDI que viña participando no Máster Universitario en Avogacía, ó que se engadirá a participación, de xeito proporcionado ós créditos que se lles asignan no plano de estudos (8 ECTS de docencia e 4 ECTS de prácticas externas no campus de Vigo; e 4 ECTS de docencia e 4 ECTS de prácticas externas no campus de Pontevedra), de novo profesorado e titores de prácticas designados polos respectivos Colexios de Procuradores de Vigo e Pontevedra. A efectos de garantir a incorporación deste profesorado, xa se asinaron por parte dos referidos colexios profesionais os debidos compromisos de convenio de colaboración educativa coa Universidade de Vigo para a impartición deste Máster.

Polo tanto, o cadro de PDI do Máster Universitario en Avogacía e Procura que se impartirá nos campus de Vigo e de Pontevedra será o seguinte:

TÁBOA 1.1:

Proposta de cadro de PDI para a titulación (incluíndo profesorado externo, se é o caso)				
<b>Campus de Vigo</b>				
Universidade	Categoría	Total %	Doutores %	Horas %
UVigo	Catedrático/a de Universidad	4,4%	100%	5,09%
UVigo	Titular de Universidad	13,2%	100%	19,4%
UVigo	Titular de Escola Universitaria	1,4%	100%	3,7%
UVigo	Contratado/a Doutor/a	5,8%	100%	8,3%
UVigo	Axudante Doutor/a	5,8%	100%	3,7%
UVigo	Profesorado Asociado	5,8%	50%	19,21%
IC. Avogacía-Vigo	Profesorado externo – Avogado/a	33,8%	0%	50%
IC. Procuradores-Vigo	Profesorado externo – Procurador/a	8,8%	0%	7,4%
IC. Avogacía-Vigo	Titores de prácticas	13,2%	0%	86,6% de prácticas
IC. Procuradores-Vigo	Titores de prácticas	8,8%	0%	13,3% de prácticas
<b>Campus de Pontevedra</b>				
Universidade	Categoría	Total %	Doutores %	Horas %
UVigo	Catedrático/a de Universidad	4,4%	100%	5,09%
UVigo	Titular de Universidad	13,2%	100%	19,4%
UVigo	Titular de Escola Universitaria	1,4%	100%	3,7%
UVigo	Contratado/a Doutor/a	5,8%	100%	8,3%

UVigo	Axudante Doutor/a	5,8%	100%	3,7%
UVigo	Profesorado Asociado	5,8%	50%	19,21%
IC. Avogacía-Pontevedra	Profesorado externo – Avogado/a	26,4%	0%	50%
IC. Procuradores-Pontevedra	Profesorado Externo – Procurador/a	8,8%	0%	7,4%
IC. Avogacía-Pontevedra	Titores de prácticas	14,7%	0%	86,6% de prácticas
IC. Procuradores-Pontevedra	Titores de prácticas	8,8%	0%	13,3% de prácticas

TÁBOA 1.2:

Cadro de profesorado dispoñible								
Univers.	Categ. académica	Nº	Vinculación coa univ.	Dedicación o título		Nº de Doutores	Nº de Quinquenios	Nº de Sexenios
				Total	Parcial			
UVigo	Catedrático/a Universidad	3	Permanente		x	3	11	14
UVigo	Titular Universidad	9	Permanente		x	9	23	36
UVigo	Titular Escola Universitaria	1	Permanente		x	1	0	5
UVigo	Contratado/a Doutor/a	4	Permanente		x	4	5	9
UVigo	Axudante Doutor/a	4	Temporal		x	4	0	0
UVigo	Profesorado Asociado	4	Temporal		x	2	0	0
IC. Avogacía-Vigo	Profesorado externo – Avogado/a	23	Non vinculado		x	0	0	0
IC. Avogacía-Pontevedra	Profesorado externo – Avogado/a	18	Non vinculado		x	0	0	0
IC. Avogacía-Vigo	Titores de prácticas	9	Non vinculado		x	0	0	0
IC. Avogacía-Pontevedra	Titores de prácticas	10	Non vinculado		x	0	0	0

TÁBOA 1.3:

Cadro de novo profesorado necesario				
Universidade	Categoría	Total %	Doutores %	Horas %
IC. Procuradores-Vigo	Profesorado Externo-Procuradores	8,8%	0%	7,4%
IC. Procuradores-Vigo	Titores de prácticas	8,8%	0%	13,3% de prácticas
IC. Procuradores-Pontevedra	Profesorado Externo-Procuradores	8,8%	0%	7,4%
IC. Procuradores-Pontevedra	Titores de prácticas	8,8%	0%	13,3% de prácticas

### 1.1.2 Facultade de Dereito (responsable do Máster no campus de Ourense).

Para a impartición do Máster Universitario en Avogacía e Procura no campus de Ourense, a Facultade de Dereito seguirá contando co cadro de PDI que viña participando no Máster Universitario en Avogacía, ó que se engadirá a participación, de xeito proporcionado ós créditos que se lles asignan no plano de estudos (4 ECTS de docencia e 4 ECTS de prácticas externas), de novo profesorado e titores de prácticas designados polo Colexio de Procuradores de Ourense. A efectos de garantir a incorporación deste profesorado, xa se asinou por parte do referido colexio profesional o debido compromiso de convenio de colaboración educativa coa Universidade de Vigo para a impartición deste Máster.

Polo tanto, o cadro de PDI do Máster Universitario en Avogacía e Procura que se impartirá nos campus Ourense será o seguinte:

TÁBOA 1.1:

Proposta de cadro de PDI para a titulación (incluíndo profesorado externo, se é o caso)				
Universidade	Categoría	Total %	Doutores %	Horas %
UVigo	Catedrático/a de Universidad	5	100%	14.81%
UVigo	Titular de Universidad	6	100%	15.27%
UVigo	Contratado/a Doctor/a	2	100%	4.62%
UVigo	Ayudante Doctor/a	2	100%	5.09%
UVigo	Profesorado Asociado	2	100%	2.77%
ICA Ourense	Profesorado externo – Abogado/a	24		50%

TÁBOA 1.2

Cadro de profesorado dispoñible								
Univers.	Categ. académica	Nº	Vinculación coa univ.	Dedicación o título		Nº de Doutores	Nº de Quinquenios	Nº de Sexenios
				Total	Parcial			
UVigo	Catedrático /a de Universidad	5				5	26	17
UVigo	Titular de Universidad	6				6	25	12
UVigo	Contratado /a Doctor/a	2				2	6	3
UVigo	Ayudante Doctor/a	2				2	3	0
UVigo	Profesorado o Asociado	2				2	0	0
IC. Avogacía - Ourense	Profesorado externo – Avogado/a	24	Non vinculado		x	0	0	0
IC. Avogacía - Ourense	Titores de prácticas	37	Non vinculado		x	0	0	0

TÁBOA 1.3:

Cadro de novo profesorado necesario				
Universidade	Categoría	Total %	Doutores %	Horas %
IC. Procuradores - Ourense	Profesorado Externo- Procuradores	8,8%	0%	7,4%
IC. Procuradores - Ourense	Titores de prácticas	8,8%	0%	13,3% de prácticas

## 1.2 Outros recursos humanos.

### 1.2.1 Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (responsable do Máster nos campus de Vigo e Pontevedra).

Como se viña facendo co Máster Universitario en Avogacía, o novo Máster Universitario en Avogacía e Procura dependente da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo seguirá impartíndose nos campus de Vigo (na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo) e no campus

de Pontevedra (na Facultade de Comunicación). Nas dúas Facultades xa se conta con Persoal de Administración e Servizos suficiente e axeitado para atender as necesidades deste novo Máster.

A información sobre dito Persoal se pode consultar nos seguintes enlaces web:

- Campus de Vigo: Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo: <http://fccxxt.webs.uvigo.es/gl/o-centro/persoal-de-administracion-e-servizos/>.
- Campus de Pontevedra: Facultade de Comunicación: <https://fcom.uvigo.gal/servizos/persoal-administracion-facultade-de-ciencias-sociais-e-da-comunicacion/>.

### 1.2.2 Facultade de Dereito (responsable do Máster no campus de Ourense).

Para unha adecuada impartición da docencia no Máster Universitario é necesario contar co apoio do Persoal de Administración e Servizos dos Centros nos que se imparte o título. Neste sentido, cabe afirmar que na Facultade de Dereito na que se está impartindo o Máster universitario en Avogacía e seguirase impartindo o Máster Universitario en Avogacía e Procura xa se conta co persoal adecuado e suficiente.

A información sobre o devandito Persoal pódese consultar nos seguintes enlaces web:

- Campus de Ourense: Facultad de Derecho: <http://dereito.uvigo.es/gl/facultade/persoal-de-administracion-e-servizos/>.

## 2 Recursos materiais e servizos.

### 2.1 Espazos dispoñibles.

#### 2.1.1 Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (responsable do Máster nos campus de Vigo e Pontevedra).

Á impartición do Máster Universitario en Avogacía e Procura nos campus de Vigo e de Pontevedra destinaranse os mesmos recursos materiais, espazos e servizos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (Vigo) e da Facultade de Comunicación (Pontevedra) que se viñan destinando ó Máster Universitario en Avogacía, e que se mostraron suficientes e axeitados durante todos os cursos nos que éste se ven impartindo.

Neste senso, pódese destacar que a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo dispón de 16 aulas y 7 seminarios con aforo variado e equipados de xeito completo (PC, vídeo proxector, conexión wifi e encerado tradicional). En particular, ó Máster Universitario en Avogacía e Procura se lle asignarán dúas aulas de tamaño medio (30 postos), un Seminario/Sala de Xuntas cunha capacidade de 20 postos e o Salón de Graos (154 postos) para eventos onde se requira una maior

capacidade. Así mesmo, na Facultade existe una biblioteca e aula de estudio propia e aulas de informática de libre acceso.

A maior parte das aulas da Facultade, incluídas as destinadas a este Máster, están dotadas coa tecnoloxía necesaria para impartir a docencia por vía telemática, ben cun modelo puro ou mixto. A Universidade de Vigo conta cunha plataforma de docencia online propia denominada Campus Remoto, que se utiliza para diversas tarefas no presenciais. Á súa vez, a plataforma de apoio á docencia propia se denomina Moovi (<https://moovi.uvigo.gal/>), plataforma baseada en Moodle).

No Campus de Vigo tamén existe una Biblioteca Central que concentra os fondos bibliográficos de todos os ámbitos de coñecemento. Está ubicada a 200 metros da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, pero correctamente comunicada a través dun acceso directo que une as Facultades de Ciencias Económicas e Empresariais e a de Ciencias Xurídicas e do Traballo con dita Biblioteca. Además, hai que destacar que son numerosos os recursos electrónicos de carácter xurídico dos que dispón la Biblioteca Central da Universidade de Vigo.

Unha información máis detallada sobre os recursos materiais e servizos dos que dispón a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, e que están a disposición da impartición do Máster Universitario en Avogacía e Procura, pode consultarse no seguinte enlace web:

<http://abogaciavigo.webs.uvigo.es/gl/informacion/recursos-materiais-e-servizos/>

Pola súa parte, para a impartición do Máster no campus de Pontevedra, a Facultade de Comunicación tamén pon a disposición do mesmo os espazos, recursos materiais e servizos axeitados e suficientes. En concreto, ó Máster se lle asigna unha Aula-Seminario de tamaño medio (30 postos) e debidamente equipada (PC, vídeo proxector, conexión wifi e encerado tradicional). Ademais está dotada coa tecnoloxía necesaria para impartir a docencia por vía telemática, de ser preciso, ben cun modelo puro ou mixto. Así mesmo, na Facultade existe una biblioteca e aula de estudio propia e aulas de informática de libre acceso.

Unha información máis detallada sobre os recursos materiais e servizos dos que dispón a Facultade de Comunicación, e que están a disposición do Máster Universitario en Avogacía e Procura, pode consultarse no seguinte enlace web: <https://fcom.uvigo.gal/servizos/>

Por suposto, o alumnado e profesorado do Máster que se imparte no campus de Pontevedra tamén teñen a súa disposición os recursos e servizos que ofrece a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

### **2.1.2 Facultade de Dereito (responsable do Máster no campus de Ourense).**

A Facultade de Dereito da Universidade de Vigo conta con recursos materiais e servizos adecuados para o desenvolvemento da docencia. No cadro que se pode ver embaixo, relaciónanse os recursos materiais e infraestruturas cos que conta a Facultade, así como outros dos que se dota o Campus de Ourense, onde se atopa.

Todas estas infraestruturas son obxecto de control, mantemento e mellora continuas por parte dos servizos competentes e, en particular, polo traballo realizado pola Unidade Técnica da Universidade de Vigo en estreita colaboración co servizo de prevención de riscos laborais.

O edificio xurídico-empresarial, no que se sitúa a Facultade de Dereito, e as súas dependencias, cumpre cos requisitos de accesibilidade requiridos. Está dotado dun aparcadoiro subterráneo de dous andares, dúas liñas de elevadores dende o soto segundo ata o quinta (último) andar. Dispón de aseos en todos os andares. Conta cun servizo de cafetería. A mesma ofrece servizo de cafetería en horario de mañá e de tarde, ademais de servizo de comedor en horario de mediodía. En todo caso, tamén dispón de máquinas expendedoras de alimentos e bebidas nos dous andares nos que se sitúan as aulas.

Na entrada do edificio sitúase unha fotocopiadora de autoservizo, que pode ser empregada tanto por alumnado como profesorado. Nos dúas andares de despachos sitúanse dúas fotocopiadoras de uso exclusivo do profesorado.

O Facultade de Dereito ocupa ala sur do edificio, cunha orientación sur na súa fachada máis ampla. Isto confírelle moitas horas de luz, especialmente nas horas centrais do días, algo do que se beneficia nos meses de outono e inverno, pero que dá lugar a un incremento considerable da temperatura interior nos meses de primavera e verán. Por ese motivo, os despachos así como as aulas desta ala do edificio están dotados de sistema de aire acondicionado, o que permite manter temperaturas conforme aos parámetros establecidos normativamente.

De seguido relaciónanse de forma sistemática e descríbense as diferentes infraestruturas e servizos que teñen un uso máis alá do estritamente académico e que, precisamente, dan soporte a este:

- Delegación de alumnado: Situada no andar baixa do edificio, é un espazo amplo, con equipamento informático, preparado para o desenvolvemento das actividades propias da delegación.
- Despachos de Persoal Docente e Investigador (PDI): a facultade dispón de 43 despachos para o PDI con vinculación permanente ou non permanente. Neles, o profesorado, ademais de realizar as tarefas de I+D, xestión ou atención do plan de acción tutorial que, segundo os casos, poida corresponderlle, debe estar a disposición do estudantado no seu horario de titorías.
- Despachos de Persoal de Administración e Servizos (PAS): o PAS dispón de 5 despachos, nos que desempeñan as funcións inherentes ao seu posto de traballo e están durante a súa xornada laboral a disposición do alumnado e profesorado para atender calquera eventualidade.
- Despachos de asociacións estudantís: como esixe a normativa de réxime interno do centro, as asociacións estudantís contan cos seus propios espazos para desenvolver as súas funcións. Na Facultade de Dereito contan con 2 despachos, completamente equipados, á súa disposición.
- Secretaría de alumnado e Conserxería: a disposición do alumnado para xestionar e resolver calquera eventualidade académica e material.
- Servizo de reprografía gratuito: todo o estudantado da Facultade de Dereito –de calquera das súas titulacións– conta cun servizo de reprografía gratuito na zona de libre acceso do primeiro andar. Cada mes, o estudantado dispón de 100 copias gratuítas.
- Servizo de reprografía: o estudantado conta con catro fotocopiadoras de autoservizo – que funcionan mediante tarxeta prepago– que cubren as necesidades do centro.



- Servizo de cafetería e comedor: o centro dispón de servizo de cafetería e comedor atendido por unha empresa externa.
- Servizo de aparcadoiro: o centro conta cun amplo servizo de aparcadoiro, con prazas reservadas para o estudiantado –ou no seu caso PAS ou PDI– con discapacidade. Ademais da zona aberta, conta cun aparcadoiro subterráneo, ao que se accede coa Tarxeta Universitaria.

#### Outros recursos para a docencia e a aprendizaxe

- Conexión sen fíos: todas as aulas da Facultade foron convenientemente cableadas, para facilitar a utilización dos equipos informáticos propios por parte do estudiantado, contando ademais con conexión sen fíos a Internet. Toda a comunidade universitaria teñen acceso a este servizo mediante clave vinculada á súa conta de correo persoal proporcionada pola Universidade.
- Préstamo de computadores: identificándose coa tarxeta universitaria, o estudiantado pode adquirir un computador portátil durante todo un día, para realizar traballos ou investigacións. O centro ten á súa disposición 36 unidades.
- Páxina web da Facultade de Dereito: ferramenta de traballo indispensable para poder manter informado ao estudiantado, nela facilítase toda a información relativa aos estudos impartidos no centro.
- Recursos docentes en rede: como apoio á docencia, a Universidade de Vigo puxo a disposición do profesorado e estudiantado a plataforma FaiTIC con recursos en liña destinados á teleformación. Máis recentemente cóntase coa ferramenta de teledocencia Moovi, que se agarda sexa a única que se utilice en toda a Universidade de Vigo. A isto hai que engadir os avances que se deron en relación coa implementación de ferramentas acaídas para a docencia online e en remoto como consecuencia da situación de crise sanitaria debido á pandemia da covid-19. É de salientar a ferramenta Campus Remoto que permite o desenvolvemento da docencia en liña, en remoto, ben de forma semipresencial ou non presencial. Ofrece a posibilidade de gravar as aulas e crear un repositorio para que o alumnado as poida visualizar de forma asíncrona. Ademais, dende a páxina da biblioteca pódese acceder a diversas bases de datos que o estudiantado pode consultar. Todos os recursos docentes en rede, son accesibles –para o estudiantado– dende os seus domicilios, ben directamente por ser públicos, ben a través das súas chaves de identificación e acceso remoto.

Ademais dos anteriores, que se sitúan ou están ligados ao propio edificio xurídico-empresarial, tamén se pode contar cos seguintes:

- Biblioteca: A Biblioteca Central do campus de Ourense atópase nun edificio propio de 4.650 m<sup>2</sup>. Dispón de 500 postos de lectura, un depósito con 187.000 volumes en papel e unha hemeroteca con 12.300 contenedores. Os pisos superiores destínanse a salas e servizos multimedia aos que se accede a través da zona de lectura distribuída en distintas alturas. Está equipada con rede WIFI. O seu horario é de 8:30 a 21:00 de luns a venres, pero en época de exames ofrece un horario nocturno ata as 3:00h. Ademais da rede de

instalacións bibliotecarias, e con obxecto de distribuír os seus servizos a toda a comunidade universitaria, a Biblioteca dispón dun moderno sistema de automatización, que inclúe un catálogo online (OPAC) para consultar os fondos existentes, así como a súa dispoñibilidade para o préstamo. De igual forma dispón da súa propia páxina web. - Instalacións deportivas: o estudantado, PAS e PDI da Facultade de Dereito ten á súa disposición as instalacións deportivas do campus de Ourense.

A continuación relaciónanse todas as infraestruturas e recursos ligados estritamente á docencia dos que dispón na actualidade a Facultade de Dereito no edificio xurídico-empresarial.

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE		
AULA – TIPO PARA DOCENCIA TEÓRICA E PRÁCTICA		
DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
Espazo dotado de medios docentes. Dispón de postos de traballo Individuais	Aula para a docencia teórica, práctica, titorías grupais e traballo autónomo do alumnado, exames	Entre 66 y 120 alumnos/as
DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN (número de espazos do tipo descrito e dotación de cada un)	Aulas	
Aulas 1.1, 1.2, 1.4, 1.5, 2.1, 2.2, 2.3, 2.4, 2.5	<p>A capacidade respectiva é a seguinte: 110, 96, 120, 120, 100, 102, 66, 120, 97.</p> <p>Son todas elas aulas en grada. Os mesados son continuos e as cadeiras individuais.</p> <p>Contan con encerado fixo e encerado móbil.</p> <p>Contan con encerado dixital.</p> <p>Ordenador, altofalantes, cámara, proxector.</p> <p>Mesa e cadeira para o docente, atril.</p> <p>Están dotadas coa tecnoloxía necesaria para impartir docencia por vía telemática, ben cun modelo puro (100% de asistencia por vía telemática) ou mixto (con asistentes na aula física e en remoto).</p> <p>Papeleira, paragueiro, colgadoiros para abrigos.</p>	

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE		
AULA – TIPO PARA DOCENCIA TEÓRICA E PRÁCTICA		
DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE

<p>Espazo dotado de medios docentes. Dispón de postos de traballo Individuais</p>	<p>Aula para a docencia teórica, práctica, titorías grupais e traballo autónomo do alumnado, exames</p>	<p>70 alumnos/as (34 postos con computador)</p>
<p><b>DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN</b> (número de espazos do tipo descrito e dotación de cada un)</p>		<p><b>Aulas</b></p>
<p><b>Aulas 1.3</b></p>		<p>A aula ten unha capacidade para 70 alumnos/as. Deses 70 postos, 34 dispoñen de ordenador sobremesa. Aula en grada. Os mesados son continuos e as cadeiras individuais. Conta con encerado fixo e encerado móbil. Conta con encerado dixital. Ordenador, altofalantes, cámara, proxector. Mesa e cadeira para o docente, atril. Están dotadas coa tecnoloxía necesaria para impartir docencia por vía telemática, ben cun modelo puro (100% de asistencia por vía telemática) ou mixto (con asistentes na aula física e en remoto). Papeleira, paraguero, colgadoiros para abrigos.</p>

<p><b>TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE</b></p>		
<p><b>AULA – TIPO PARA DOCENCIA TEÓRICA E PRÁCTICA</b></p>		
<p><b>DESCRIPCIÓN XENÉRICA</b></p>	<p><b>USO HABITUAL</b></p>	<p><b>CAPACIDADE</b></p>
<p>Espazo dotado de medios docentes. Dispón de postos de traballo Individuais</p>	<p>Aula para a docencia teórica, práctica, titorías grupais e traballo autónomo do alumnado, exames</p>	<p>24 alumnos/as</p>
<p><b>DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN</b> (número de espazos do tipo descrito e dotación de cada un)</p>		<p><b>Aulas</b></p>
<p><b>Aulas 1A, 1B e 1C</b></p>		<p>A capacidade de cada unha destas aulas é de 24 alumnos/as. Son todas elas aulas en grada. Os mesados son continuos e as cadeiras individuais. Contan con encerado fixo e encerado móbil. Contan con encerado dixital. Ordenador, altofalantes, cámara, proxector. Mesa e cadeira para o docente, atril.</p>

	<p>Están dotadas coa tecnoloxía necesaria para impartir docencia por vía telemática, ben cun modelo puro (100% de asistencia por vía telemática) ou mixto (con asistentes na aula física e en remoto).</p> <p>Papeleira, paraugueiro, colgadoiros para abrigos.</p>
--	---

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE		
AULA – TIPO PARA DOCENCIA TEÓRICA E PRÁCTICA		
DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
<p>Espazo dotado de medios docentes.</p> <p>Dispón de postos de traballo</p> <p>Individuais</p>	<p>Aula para a docencia teórica, práctica, titorías grupais e traballo autónomo do alumnado, exames</p>	<p>24 alumnos/as</p> <p>(24 postos con computador)</p>
<b>DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN</b> (número de espazos do tipo descrito e dotación de cada un)		<b>Aulas</b>
<b>Aulas 1D e 1E</b>		<p>A capacidade de cada unha destas aulas é de 24 alumnos/as. Todos os postos dispoñen de computador de sobremesa.</p> <p>Son todas elas aulas en grada. Os mesados son continuos e as cadeiras individuais.</p> <p>Contan con encerado fixo e encerado móbil.</p> <p>Contan con encerado dixital.</p> <p>Ordenador, altofalantes, cámara, proxector.</p> <p>Mesa e cadeira para o docente, atril.</p> <p>Están dotadas coa tecnoloxía necesaria para impartir docencia por vía telemática, ben cun modelo puro (100% de asistencia por vía telemática) ou mixto (con asistentes na aula física e en remoto).</p> <p>Papeleira, paraugueiro, colgadoiros para abrigos.</p>

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE		
AULA – TIPO PARA DOCENCIA TEÓRICA E PRÁCTICA		
DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
<p>Espazo dotado de medios docentes.</p> <p>Dispón de postos de traballo</p> <p>Individuais</p>	<p>Aula para a docencia teórica, práctica, titorías grupais e traballo autónomo do alumnado, exames</p>	<p>25 alumnos/as</p> <p>(15 postos con computadores)</p>

<b>DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN</b> (número de espazos do tipo descrito e dotación de cada un)	<b>Aulas</b>
<b>Laboratorios de informática 0.2, 0.3</b>	<p>Ámbolos dous laboratorios dispoñen de 25 postos, dos cales 15 están dotados con computador.</p> <p>Son todas elas aulas en grada. Os mesados son continuos e as cadeiras individuais.</p> <p>Contan con encerado dixital.</p> <p>Ordenador, altofalantes, cámara, proxector.</p> <p>Mesa e cadeira para o docente, atril.</p> <p>Papeleira, paraugueiro, colgadoiros para abrigos.</p>

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE		
AULA – TIPO PARA DOCENCIA TEÓRICA E PRÁCTICA		
DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
Espazo dotado de medios docentes. Dispón de postos de traballo Individuais	Aula para a docencia teórica, práctica, titorías grupais e traballo autónomo do alumnado, exames	Entre 12 e 30 alumnos/as
<b>DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN</b> (número de espazos do tipo descrito e dotación de cada un)	<b>Aulas</b>	
<b>Aulas de seminario 0.1, 3.2, 4.2, 5.1, 5.2</b>	<p>Teñen unha capacidade respectiva de 15-20, 15-20, 12, 30, 12 alumnos/as.</p> <p>Teñen cadeiras individuais, con mesado integrado. Trátase xa que logo de mesas e cadeiras móbiles.</p> <p>Catro delas contan con computador para o posto do/a docente, ademais de proxector.</p> <p>Unha delas, non.</p>	

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE		
AULA – TIPO PARA DOCENCIA TEÓRICA E PRÁCTICA		
DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
Espazo dotado de medios docentes. Dispón de postos de traballo Individuais	Aula para a docencia teórica, práctica, titorías grupais e traballo autónomo do alumnado. Exames. Desenvolvemento de seminarios académicos, reunións científicas, talleres, consellos de departamento, xuntas de titulación	40 alumnos/as

<b>DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN</b> (número de espazos do tipo descrito e dotación de cada un)	<b>Aulas</b>
<b>Sala de videoconferencia</b>	<p>A aula ten unha capacidade para 40 alumnos/as.</p> <p>Os mesados son continuos e as cadeiras individuais.</p> <p>Conta con encerado fixo e encerado móbil.</p> <p>Ordenador, altofalantes, cámara, proxector.</p> <p>Mesa e cadeira para o docente, atril.</p> <p>Están dotadas coa tecnoloxía necesaria para impartir docencia por vía telemática, ben cun modelo puro (100% de asistencia por vía telemática) ou mixto (con asistentes na aula física e en remoto).</p> <p>Papeleira, paraugueiro, colgadoiros para abrigos.</p>

<b>TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE</b>		
<b>AULA – MAGNA</b>		
<b>DESCRIPCIÓN XENÉRICA</b>	<b>USO HABITUAL</b>	<b>CAPACIDADE</b>
<p>Espazo dotado de medios docentes.</p> <p>Dispón de postos de traballo</p> <p>Individuais</p>	<p>Aula para a docencia teórica, práctica, titorías grupais e traballo autónomo do alumnado. Exames. Desenvolvemento de congresos, conferencias, cursos, actos institucionais. Celebración de concursos de prazas de profesorado</p>	<p>204 alumnos/as</p>
<b>DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN</b> (número de espazos do tipo descrito e dotación de cada un)	<b>Aulas</b>	
<b>Aula Magna</b>	<p>A aula ten unha capacidade para 204 alumnos/as.</p> <p>Dispónse en grada. Os mesados son continuos e as cadeiras individuais.</p> <p>Conta con encerado móbil.</p> <p>Ordenador, altofalantes, proxector.</p> <p>Mesas e cadeiras para os docentes, atril.</p> <p>Papeleira, paraugueiro, colgadoiros para abrigos.</p>	

<b>TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE</b>		
<b>AULA – SALÓN DE GRAOS</b>		
<b>DESCRIPCIÓN XENÉRICA</b>	<b>USO HABITUAL</b>	<b>CAPACIDADE</b>

Espazo dotado de medios docentes. Dispón de postos de traballo Individuais	Aula para a docencia teórica, práctica, titorías grupais e traballo autónomo do alumnado. Exames. Defensa de TFG, TFM e Teses de Doutoramento. Desenvolvemento de congresos, conferencias, cursos, actos institucionais, Xuntas de Centro	107 alumnos/as
<b>DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN</b> (número de espazos do tipo descrito e dotación de cada un)	<b>Aulas</b>	
<b>Aulas de Salón de Graos</b>	<p>A aula ten unha capacidade para 107 alumnos/as.</p> <p>Dispónse en grada. Cadeiras individuais. Dispoñen de mesa pregable.</p> <p>Conta con encerado móbil.</p> <p>Ordenador, altofalantes, proxector.</p> <p>Mesas e cadeiras para os docentes, atril.</p> <p>Papeleira, paraugueiro, colgadoiros para abrigos.</p>	

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE		
AULA – SALA DE XUNTAS DO DECANATO		
DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
Espazo dotado de medios docentes.	Reunións do equipo decanal, comisións delegadas da Xunta de Centro, actos e recepcións institucionais, seminarios	15 postos
<b>DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN</b> (número de espazos do tipo descrito e dotación de cada un)	<b>Aulas</b>	
<b>Sala de Xuntas do Decanato</b>	<p>A aula ten unha capacidade para 15 postos</p> <p>O espazo está ocupado por unha mesa central ao redor da que se dispoñen as cadeiras.</p> <p>Conta con encerado móbil.</p> <p>Ordenador, altofalantes, proxector, cámara.</p> <p>Papeleira, paraugueiro, colgadoiros para abrigos.</p>	

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE		
AULA DE ESTUDO		
DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE

Espazo aberto no que se dispoñen mesas e cadeiras móbiles	Estudo individual ou en grupo	140 alumnos/as
<b>DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN</b> (número de espazos do tipo descrito e dotación de cada un)	<b>Aulas</b>	
<b>Aula de Estudo</b>	<p>A aula ten unha capacidade para 140 alumnos.</p> <p>O espazo está ocupado por mesas e cadeiras móbiles, que poden ser obxecto de redistribución en función das necesidades de uso.</p> <p>Papeleira, paraugueiro, colgadoiros para abrigos.</p>	

<b>TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE</b>		
<b>AULA DE LIBRE ACCESO</b>		
<b>DESCRIPCIÓN XENÉRICA</b>	<b>USO HABITUAL</b>	<b>CAPACIDADE</b>
Espazo aberto no que se dispoñen mesas e cadeiras móbiles	Estudo individual ou en grupo	70 alumnos/as (38 postos con computadores)
<b>DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN</b> (número de espazos do tipo descrito e dotación de cada un)	<b>Aulas</b>	
<b>Aulas Libre acceso</b>	<p>A aula ten unha capacidade para 70 alumnos/as, con 38 computadores de sobremesa.</p> <p>O espazo está ocupado por mesas e cadeiras móbiles, que poden ser obxecto de redistribución en función das necesidades de uso.</p> <p>Papeleira, paraugueiro, colgadoiros para abrigos.</p>	

## 2.2 Novos espazos necesarios

O Máster Universitario en Avogacía leva impartíndose desde o curso 2012/2013 na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, e desde o curso 2013/2014 na Facultade de Dereito e, hoxe en día, conta coa totalidade de recursos materiais e servizos necesarios para a súa impartición. Estes mesmos recursos materiais e servizos seguirán ao servizo da impartición do Master Universitario en Avogacía e Procura por parte de ambas as facultades, polo que non existe previsión de necesaria dotación de recursos novos para a impartición deste Máster.



### 2.3 Novos equipamentos necesarios

Como se indica no apartado anterior, os recursos materiais, servizos e equipamentos que xa están a disposición da impartición do Máster Universitario en Avogacía, e que seguirán destinándose ó novo Máster en Avogacía e Procura, son axeitados e suficientes polo que non hai previsión de necesidade de novos equipamentos.